

Obxectivos: dar resposta ás demandas de atención especializada ás mulleres con discapacidade en Galicia especialmente ás que se atopen en situacións de risco (situacións de violencia, desemprego, baixos recursos, illamento social,...) A través do desenvolvemento dunha atención integral ás mulleres con discapacidade para contribuír á consecución dos seus obxectivos vitais, mediante o deseño, implementación e avaliación de plans personalizados de integración co obxecto de mellorar o seu grado de autonomía persoal e de participación social e/ou laboral.

Obxectivos específicos: previr situacións de abuso cara as mulleres con discapacidade fomentando a súa participación social; dotar ás mulleres de recursos persoais suficientes para afrontar situacións de abuso; empoderamento das mulleres para o desenvolvemento dunha vida autónoma; promover a activación cara á busca de emprego.

Obxectivo operativo: un mínimo de 74 mulleres beneficiarias, das que 45 teñan un mínimo de 6 intervencións.

Resultados esperados:

Número de mulleres participantes: 74

- 100 % de consultas resoltas respecto das recibidas.
- 100 % de intervencións sociais realizadas relacionadas coa violencia de xénero en relación as intervencións demandadas.
- 100 % de mulleres beneficiarias contan cun proxecto de atención individual
- 60 % de mulleres participantes que participan polo menos en 6 accións presenciais
- 60 % de mulleres participantes que acadan o 80% dos seus obxectivos individuais

DATA DE PUBLICACIÓN DE CONCESIÓN NO DOG: 24/07/2019

Norma reguladora: RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria no ano 2019.